

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 2.250/2009.

### Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución do Alcalde número 555/2008, do 29 de febreiro, solícitase unha axuda económica á Deputación Provincial da Coruña para un novo sistema de iluminación na sala de exposicións de pinturas e esculturas do Teatro Coliseo Noela de Noia, ó abeiro da convocatoria de programas de apoio á cultura dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2008, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24 do 29 de xaneiro de 2008.

Segundo. Por Resolución do Sr. Presidente da Deputación Provincial do 11 de decembro de 2008, concédese a este Concello unha subvención por importe de 19.000,00 € para investimentos na sala de exposicións do Teatro Coliseo Noela, cun coeficiente de financiación do 80%, e que inclúe a instalación dun novo sistema de alarma e de iluminación.

Terceiro. A anterior Resolución recolle como prazo máximo para xustificar a execución do investimento do 31 de xullo de 2009, pero previa solicitude ao respecto a Deputación Provincial concede unha prórroga para a esta xustificación de ata o 31 de outubro de 2009.

Cuarto. Por Resolución do alcalde, número 1637/2009, do 9 de xuño, incóase expediente de contratación de subministración dun novo sistema de iluminación da sala de exposicións do Teatro Coliseo Noela, expediente número 25/09-SUB-PN, por procedemento negociado sen publicidade.

Quinto. Por Resolución do Alcalde número 1.836/2009, do 30 de xuño, apróbase o expediente de contratación tramitado, autorízase o gasto por un importe total de 19.814,78 €, IVE incluído, para a devandita finalidade, apróbase o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e ordénase a apertura do procedemento de licitación remitindo invitación a cinco empresas.

Sexto. Rematado o prazo para a presentación de ofertas, preséntanse dúas, e por Resolución do Alcalde número 2.123/2009, do 31 de xullo, unha delas, a presentada por ELECTRONOR NOIA, SL, é rexeitada "*dado que o prazo de execución ofertado é de 10 días naturais, isto é, excede do prazo máximo de execución previsto na cláusula 3. do prego de administrativas que rexen esta contratación (5 días naturais)*"; e o outro licitador presenta a documentación administrativa incompleta polo que se lle outorga, nesa mesma resolución, un prazo de 3 días hábiles para subsanala.

Sétimo. Transcorrido o prazo de subsanación, INSELMAR SERVICIOS ELECTRÓNICOS, SL, presenta a documentación requerida, formulándose ao seu favor a proposta de adxudicación.

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Visto que os dous criterios obxecto da negociación son a oferta económica e a redución do prazo de execución, tal e como se recolle na cláusula 11. do prego de administrativas, e que tan só un dos licitadores presentou a documentación completa, e considerando o disposto no artigo 135.3. da LCSP e na cláusula 12. que regulan a adxudicación provisoria.

Segundo. Considerando o disposto na DA 2ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), que atribúe ó Alcalde a competencia dos contratos cuxo importe acumulado de todas as anualidades non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Adjudicar provisoriamente o contrato de subministración dun “Sistema de iluminación na sala de exposicións de pinturas e esculturas do Teatro Coliseo Noela de Noia” a a **INSELMAR SERVICIOS ELECTRÓNICOS, SL**, código de identificación fiscal **B70042007**, por un prezo total de dezoito mil douscentos vinte e oito euros con oitenta e catro céntimos (18.228,84 €), co seguinte desglose, e un prazo de entrega de 4 días naturais, todo elo de acordo ó prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e proposición presentada polo adxudicatario:

- a) Prezo sen IVE: quince mil setecentos catorce euros con cincuenta e dous céntimos (15.714,52 €).
- b) IVE: dous mil cincocentos catorce euros con trinta e dous céntimos (2.514,32 €).
- c) Total (a+b): dezoito mil douscentos vinte e oito euros con oitenta e catro céntimos (18.228,84 €).

**Segundo.** Requirir ao adxudicatario para que no prazo de quince (15) días hábiles, contados desde a publicación da adjudicación provisoria no perfil do contratante do Concello de Noia,

- a) Presente os certificados xustificativos de estar ó corrente coa facenda estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Noia, así como, coas obrigas da Seguridade Social.
- b) Constitúa a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 da LCSP.

**Terceiro.** Ordenar a publicación da presente resolución no perfil do contratante do Concello de Noia ([www.noia.es](http://www.noia.es)) e notificala a todos os licitadores, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Cuarto.** Dar traslado da presente resolución aos servizos de Intervención, Tesourería, Xefatura de Rendas municipais e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Noia, 19 de agosto de 2009.  
O Alcalde,

Ante min.  
A secretaria.

Asdo. Rafael García Guerrero.

Asdo. Ana María Ares Álvarez.